

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 31 de xullo de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de xullo de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(999).- ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 29 DE MAIO, 5 E 12 DE XUÑO, EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 15 DE XUÑO E ORDINARIA DO 19 DE XUÑO DE 2006.

Apróbanse as actas correspondentes ás sesións ordinarias do 29 de maio, 5 e 12 de xuño, extraordinaria e urxente do 15 de xuño e ordinaria do 19 de xuño de 2006.

2(1000).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DO ANO 2006. EXPTE. 33071/512.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 17.07.06, conformado pola directora de ingresos, o interventor e o Alcalde Accidental, que di o seguinte:

Segundo a información facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro e as operacións realizadas pola Admón de Tributos do Concello para o cálculo da débeda tributaria, cun tipo impositivo aplicable do 0.725%, elaborouse o Padrón Fiscal do Imposto sobre Bens Inmóbeis de Natureza Urbana do 2006, que consta de 189.023 inscricións cun total de 44.248.907,21 € das que unha vez deducidas 181.682,21 € correspondentes a 1.995

titulares descoñecidos e 318.100,39 € correspondentes a 971 inscricións que foron motivo de anulación con posterioridade ao peche do padrón e que se xirarán por ingreso directo, elévase o contraído definitivo á cantidade de 43.749.124,61 € co seguinte

DETALLE:

Nº inscricións matrícula	189.023	V.Catastral	6.751.046.593,79 €
Nº inscricións non suxeitos....	- 1.250	V.Catastral	-258.739.504,10€
Nº inscricións exentos	- 5.496	V.Catastral	- 221.788.751,76
- Deuda < 7 euros	4.909		
- 100%	587		
TOTAL INSCRICIÓN CON COTA.	182.277	V.Catastral	6.270.518.337,93€

IMPORTE DA COTA 45.461.257,95 €

IMPORTE BONIFICACIÓN- 1.212.350,74 €

TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA 44.248.907,21 €

A deducir importe de 1.995 inscricións
de titulares "Descoñecidos" -181.682,21 €

A deducir importe de inscricións 971
que "se xirarán por ingreso directo..- 318.100,39 €

IMPORTE TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA A CONTRAER .43.749.124,61 €

**IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (IBI)
ESQUEMA COMPARATIVO DOS EXERCICIOS 2005-2006**

	2005	2006	VARIACION UNITARIA	VARIACION PORCENTUAL
Nº Total de inscricións	186.040	189.023	2.983	1.60%
Valor Catastral TOTAL	6.543.307.162,39	6.751.046.593,79	207.739.431,4	3.17%
TOTAL DEBEDA TRI- BUTARIA A CONTRAER	42.242.280,08	43.749.124,61	1.506.844,53	3.56%

A vista do informe precedente **PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

- 1º- "APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DO ANO 2006 por importe de 43.749.124,61, segundo relación que comeza por COVELO MONTENEGRO CLOTILDE e remata por D. PERFECTO FERNANDEZ TIELAS."
- 2º- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes. Pódese interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de fnalización do período voluntario de pago.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no anterior informe.

3(1001).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2006. EXPTE. 34336/516.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 26.07.06, conformado pola directora de ingresos, o interventor e o Alcalde Accidental, que di o seguinte:

Segundo o censo de actividades empresariais, profesionais e artísticas elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria remitido a este Concello, a Administración de Tributos municipal mediante aplicación da Instrucción do IAE (Real Decreto Legislativo 1175/90), da Ordenanza fiscal do Concello, Arts. 79 a 92 da Lei 39/88 Reguladora das Facendas Locais reformada pola Lei 51/2002 de 27 de Decembro de 2002 e restantes normas de aplicación, elaborou o Padrón Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas para este exercicio de 2006.

O presente padrón fiscal conta con 3.784 inscricións, por un importe total que ascende a 10.631.443,29 euros sendo á cota municipal de 9.346.664,01 Euros. Ademais da cota municipal o Padrón inclúe un recargo provincial do 30%, establecido pola Excma. Deputación de Pontevedra que ascende a un total de 1.284.779,28- Euros.

ESQUEMA COMPARATIVO DOS EXERCICIOS 2004-2006

Ano	Nº inscricións	%Δ	Cota municipal (en miles euros)	%Δ	Cota provincial (en miles euros)	%Δ
2004	3.365	6.05%	7.987	5.50%	1.156	37.61%
2005	3.547	5.41%	8.795	10.11%	1.246	7.78%
2006	3.784	6.68%	9.346	6.26%	1.284	3.04%

A vista do informe precedente PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º- "APROBA-LO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2006 por importe total 10.631.443,29 dos cales 9.346.664,01,- Euros corresponden a cota municipal e 1.284.779,28,- euros o Recargo provincial que contén 3.784 inscricións, comezando "1992 TOURON SL" epígrafe 6194. e rematando por ZURICH ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REAS epígrafe 822".

2º- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso de reposición ante o organo que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no anterior informe.

4(1002).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E HIJAS DE MARÍA INMACULADA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE APOIO ESCOLAR E HABILIDADES SOCIAIS DENTRO DO SERVIZO MUNICIPAL DE INFANCIA E FAMILIA.EXPTE. 13363/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 6.03.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e pola Delegada da Área de Participación Cidadá e co intervido e conforme do Interventor Xeral de data 12.07.06, informe da Asesoría Xurídica de 26.05.06, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Aprobar o texto do Convenio de Colaboración con Hijas de M^a Inmaculada, entidade colaboradora co Concello de Vigo, para o desenvolvemento de actividades de apoio educativo dentro do Servizo Municipal de Infancia e Familia. Transcríbese a continuación.

Aprobar o gasto de 4.800 (catro mil oitocentos) euros, cantidade que cubrirá os custos do proxecto, sendo o importe total do citado convenio, con cargo á partida 3130.226.08.06 de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación, cantidade destinada a cubri-las accións neste ano 2006.

Aprobar delega-la competencia de asina-lo Convenio entre o Concello de Vigo e Hijas de María Inmaculada para o desenvolvemento de actividades de apoio educativo, en dona Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E HIJAS DE MARÍA INMACULADA

En Vigo, de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeada por resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005.

Doutra

D^a. M^a del Pilar Rullo Beteta, con DNI : 3.823.306-Q, en representación de la Congregación Religiosa Hijas de María Inmaculada, inscrita na D.G. de Asuntos Religiosos, Registro Entidades Religiosas, en data 31/8/1982, con nº 1328-d/1 – SE/B e 1328-a/13 – SE/B, e segundo poder de data 9 de febreiro de 2001.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifiestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.

Evita-la inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación dos menores con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende esta concellería.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembargantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.

2.- *As accións de carácter preventivo centradas na capacitación educativo-formativa, de habilidades sociais básicas e de relación e capacitación dende un modelo de competencia, téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.*

3.- *A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.*

4.- *O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.*

5.- *A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.*

6.- *A Lei 3/1997, de 9 de xuño, Galega da Familia, da Infancia e da Adolescencia, di no seu artigo 3º, principios retores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).*

7.- *Hijas de María Inmaculada, é unha Congregación que ten persoalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico.*

E segundo consta nas Constitucións da Congregación Religiosas de María Inmaculada, no número 9 das mesmas di que “Nuestra misión se ejercita con los jóvenes más necesitados, especialmente con los que, por carencia de medios económicos, trabajan como empleadas de hogar o en otras actividades o se preparan para ocupar un puesto de trabajo en la sociedad”.

Tamén se dí que “...el desarrollo integral de la persona... nuestro objetivo será ayudarles con los medios adecuados para que adquieran firmes convicciones cristianas asimiladas en libertad y lucidez, forme su voluntad, enriquezca su corazón en el amor, desarrolle el sentido social de su profesión y preste colaboración al bien común, adquiera más perfecta conciencia de la propia responsabilidad en el recto y continuo desarrollo de su vida y la conquista de la verdadera libertad” Constitución nº14.

“En nuestros centros educativos se impartirá a los jóvenes formación espiritual, humana y profesional, lo más completa posible. Teniendo en cuenta que la labor docente en nuestra Congregación está en función de su trabajo asistencial, se dará preferencia a una enseñanza básica, profesional y a cursos de promoción que las circunstancias aconsejen...” Directorio nº 7.

8.- *O Concello de Vigo reconece a Hijas de María Inmaculada, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, valoradas tecnicamente polo persoal municipal.*

9.- *Este Convenio queda excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira : Obxecto - O obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dentro do Programa de Infancia e Familia, dun Proxecto de Apoio Escolar para rapaces e rapazas adolescentes e preadolescentes, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas que compoñen o citado programa. O grupo que conforman os chavales de 12 a 16 anos son chicos de familias desestructuradas, moitos deles ten permanecido nalgún momento da súa vida en centros de protección de menores. Normalmente son consumidores precoces de drogas e presentan fracaso escolar, por isto necesitan un apoio máis especializado.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é desenvolver polo período correspondente a seis meses, unha serie de actividades centradas no apoio escolar e o desenvolvemento de habilidades sociais no centro do que dispón a entidade.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da exclusión social, en particular no canto a prevención e tratamento da violencia, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.

Hijas de María Inmaculada, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisa-lo cumprimento das fins do proxecto, e facilita-la realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto os menores que conforman o grupo de risco determinado polo Equipo de Intervención do Programa de Infancia e Familia e aqueles consensados entre ambas entidades que reúnan o perfil.

Quinta : Duración – O presente convenio terá vixencia ata o 30 de setembro de 2006.

Sexta : Condicións económicas - as condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 4.800 (catro mil oitocentos) euros, con cargo á partida 3130.226.08.06 de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación correspondente.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - a sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - A difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

Hijas de María Inmaculada, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.

Undécima : - Polo presente Convenio, Hijas de María Inmaculada, comprométese a:

- a) Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións que se especifican no anexo, (discutidos previamente por persoal técnico das entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.*
- b) Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.*
- c) Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e segundo se especifica no anexo.*
- d) Presentar ó Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.*
- e) Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.*
- f) Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.*
- g) A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.*
- h) Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.*
- i) Aterse ás datas e condicións marcadas nos anexos.*
- k) Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.*

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

- a) Garanti-la prestación adecuada das actividades e servizos motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.*
- b) Articula-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.*
- c) Dispo-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.*

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, Hijas de María Inmaculada, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.

Así mesmo, por acordo expreso das partes asinantes do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.

Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De ser Hijas de María Inmaculada a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 4.800 (catro mil oitocentos) euros.

Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respeita ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.

Vixésima – Con referencia ó pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora aboará á entidade prestadora do servizo (Hijas de María Inmaculada) unha cantidade inicial que supoña o 50% do total, ó inicio do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das accións.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante, efectuarase unha vez sexa xustificada a realización da totalidade do proxecto polo funcionario referido, informe favorable da Comisión de Seguimento, e previa certificación pola Unidade Administrativa correspondente desta realización.

Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Hijas de María Inmaculada) ó Concello de Vigo, ó persoal técnico designado como responsable do proxecto.

Vixencia:

Vixésimosegunda - O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 30 de setembro de 2006.

De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.

Así mesmo, e como aparece recollido na Cláusula Decimocuarta, por acordo expreso das partes asinantes do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha Addenda anexa

Acordo final:

Vixésimoterceira - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Hijas de María Inmaculada, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos asinantes a traveso da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sen que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sen que sexa preciso a asinatura dun novo convenio, excepto no especificado na cláusula vixésimosegunda.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo, a _____ de _____

de dous mil seis.

5(1003).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE EXTRACOMUNITARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DURANTE O ANO 2006. EXPTE. 16822/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Planificación de Servizos Sociais, do 21.07.06, conformado Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Aprobar a solicitude de subvención proposta polo departamento de Benestar Social, a través da oficina de inmigración, por un importe total de 480.756,00.- € segundo o previsto na resolución do 3 de xullo de 2006, , pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2006.

Dito importe esta desagregado segundo o eixe previsto na resolución cos seguintes importes: eixe de acollida : 150.253,00,- € , eixe de educación 112.178,00.- €, eixe de emprego: 54.091,09.- €, eixe de vivenda, 20.021,00.- € , eixe dos servizos sociais 60.101,21, eixe de muller : 42070,85 e eixe de sensibilización: 42.070,85.

6(1004).- SOLICITUDE DO CLUB PRADO SURF PARA ORGANIZAR O 6º OPEN DE SKATE CIDADE DE VIGO “O MARISQUIÑO” NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL, OS DÍAS 5 E 6 DE AGOSTO DE 2006. EXPTE. 6274/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 29.06.06, conformado pola Concelleira Delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local.acorda:

1º.- Autorizar o club Prado Surf a organizar os vindeiros días 5 e 6 de agosto de 2006 o 6º Open de Skate Cidade de Vigo "O Marisquiño" na pista de patinaxe de Samil no horario seguinte:

- Roldas clasificatorias: sábado 5 de agosto de 09:00 h. a 21:00 h.
- Finais do campionato: Domingo 6 de agosto de 10:00 h. a 19:00 h.

2º .- Autorizar o club Prado Surf a organizar o vindeiro días 4 de agosto de 2006 unha escola de skate para nenos e nenas na pista de patinaxe de Samil: de 12:00 h. a 18:00 h.

3º .- Autorizar o club Prado Surf a organizar unha festa presentación dun vídeo na pista de patinaxe dende as 22:00 h. do sábado 5 de agosto as 02:00 h. do domingo 6 de agosto de 2006.

4º.- Autorizar o concerto de peche de evento, a cargo do grupo Kannon, que comezará o domingo ás 22.00 horas, rematando o luns ás 02.00 horas.

7(1005).- SOLICITUDE DO CC VIGUÉS PARA ORGANIZAR OS VINDEIROS DÍAS 18 E 29 DE AGOSTO DE 2006 A PROBA CILISTA “DÍPTICO CICLISTA INTERNACIONAL”. EXPTE. 6277/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 30.06.06, conformado pola Concelleira Delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local.acorda:

- Autorizar o CC Vigués a organizar os vindeiros días 18 e 19 de agosto de 2006 a proba ciclista denominada Díptico Ciclista Internacional de Galicia, que consta das carreiras seguintes:
 - III Gran Premio Área Metropolitana.
 - XXXIII Gran Premio Cidade de Vigo.

- Autorizar a emprazar a saída e a meta das dúas probas na avda. do Fragoso no treito comprendido entre as rúas Manolo Martínez e Tranviarios.

- Autorizar o peche da avda. do Fragoso entre as 10:00 h do venres día 18 de agosto e as 17:00 h. do sábado día 19 de agosto para a instalación dos palcos, vallas inchables e pontes de meta necesarios para o desenvolvemento das carreiras

- Autorizar a desenvolver o III Gran Premio Area Metropolitana con saída e chegada dende a avda de Fragoso, entre as rúas Manolo Martinez e Tranviarios, e con percorrido neutralizado polas rúas: avda. Fragoso, Gran Vía, Pizarro, Travesía de Vigo ata o cruce coa avda. de Bos Aires onde se dará a saída oficial para continuar pola avda. de Redondela cara a Redondela. A chegada desta carreira será, procedente de Nigrán, pola estrada de Camposancos, avda. de Citroen, rúa Val Miñor, avda de fragoso e chegada a meta . O horario previsto é entre as 14:00 h e as 19:30 h.

- Autorizar a desenvolver o XXXIII Gran Premio Cidade de Vigo o sábado 19 de agosto, con saída e meta na avda. do Fragoso e percorrido polas rúas avda. da Florida, Pai Seixas, rúa Porriño,e avda. de Ricardo Mella, lugar no que se incorporará o segundo cinto ata Matama e regresará polo mesmo ata a rúa Ricardo Mella, avda. de Citroen, rúa Val Miñor, avda do Fragoso e chegada a meta. Esta proba consta de 10 voltas a ese circuío entre as 13:15 h. e as 16:30 h.

- Autorizar o peche ó trafico o sábado día 19 de agosto de 2006, entre as 13:00 h e as 16:30 h., a avda. da Florida na súas cabeceiras co obxecto de que a circulación durante a celebración da proba sexa a menor posible, aínda que se permita a circulación no interior da propia avda. da Florida. Si non fose posible solicitan o corte na cabeceira sur para reducir o tráfico que o pelotón poida atoparse de fronte. "

8(1006).- DAR CONTA DAS SUBVENCIÓN CONCEDIDAS AO ABEIRO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2006. EXPTE. 3710/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe da Coordinadora do Plan Municipal de Emprego de 24 de xullo, conformado pola Concelleira Delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, dase conta á Xunta de Goberno Local do seguinte informe:

No marco dos Programas de Cooperación que a Consellaría de Traballo establece na Orde do 23 de marzo de 2006 (que regula as axudas e subvencións para o fomento do emprego polas entidades locais, subvencionando a contratación de traballadores/as desempregados/as para a execución de obras e servizos de interese xeral e social), a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitou subvención para a realización dos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 24 de abril de 2006 (expediente nº 3710/077; achégase copia do acordo).

Así, con data 18 de xullo de 2006 recíbese fax da Delegación Provincial da Consellaría coas Resolucións aprobatorias das subvencións concedidas. Estas Resolucións consisten nas seguintes subvencións:

Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as (6 meses)	Total traball.	Subvención concedida
Itinerarios turísticos polo centro de Vigo	3 diplomados/as en empresas e activ. turísticas	3	21.775,50 €
Análise estatístico	2 diplomados/as en empresas e activ. turísticas	2	14.517,00 €
Mellora da accesibilidade das instalacións deportivas	1 oficial albanel 1 oficial pintor/a 1 oficial fontaneiro/a 1 oficial electricista 4 peóns mantemento	8	50.598,96 €
Conservación de vías e espazos públicos	1 arq. técnic./enxeñeir. técnic. obras públicas 1 auxiliar admto. 7 oficiais albanel 2 oficiais canteiros/as 1 oficial carpinteiro/a 2 oficiais ferreiros/as 2 oficiais fontaneiros/as 4 oficiais pavimentadores/as 2 oficiais pintores/as 4 oficiais condutores/as de motoniveladora 6 oficias condutores/as 26 peóns obras públicas	58	366.289,92 €
Adecuación arquitectónica de parques	1 enxeñeir. técnic. agrícola ou forestal 4 oficiais condutores/as 1 oficial fontaneiro/a 6 oficiais albanel 9 peóns albanel 9 peóns xardineiros/as	30	188.937,54 €
Integración e reforzo de liñas de alumeados	1 enxeñeiro/a técnico/a industrial (electricidade) 3 oficiais electricistas 1 oficial condutor/a 4 peóns en xeral	9	57.691,92 €
6 MEMORIAS	TOTAL	110	699.810,84 €

As subvencións concedidas correspóndense cos custos salariais dos traballadores/as para contratar aplicando o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.

Deste xeito, desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a dar os pasos necesarios para iniciar os correspondentes expedientes de xeración de crédito relativos á subvención aprobada, así como no referido ao procedemento de selección dos/as participantes (recollido no expte 3729/077 "Procedemento de selección do persoal para contratar polo Concello de Vigo no marco da subvención de Programas de Cooperación para o ano 2006", aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 15/05/06).

O que se comunica á Corporación municipal para o seu coñecemento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

9(1007).- ANULACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15.5.06 SOBRE ACUMULACIÓN DE FUNCIONS NO FUNCIONARIO DO GRUPO B, JAVIER MURADAS BLANCO; NOVA PROPOSTA DE ACORDO. EXPTE. 100865/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Xefe do Servizo de Inversións, do 14.07.06, conformado polo Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local.acorda:

1º Deixar sen efecto o acordo adoptado por ese Órgano municipal en sesión de data 15 de maio de 2006, baixo o punto 29 da Orde do Día.

2º Adoptar un novo acordo, de conformidade co contido que a continuación se transcribe:

"Acumular ao funcionario do grupo "B" don Javier Muradas Branco, adscrito ao posto de traballo (Código 140.06) e con destino en Intervención Xeral, as tarefas de verificación do gasto elixible dos proxectos "Ampliación de saneamiento na Parroquia de Zamanes" (Código nacional 4-DE-096-NON-00/3), "Automatización das instalacións do saneamiento de Vigo" (Código nacional 4-DE-096NO-00/4) e "Implantación de infraestructuras de saneamiento nas concas vertentes das parroquias do rural de Vigo" (Código nacional 4-DE-096NO-00/1) cofinanciados polo Fondo de Cohesión, en cumprimento do previsto no Regulamento (CE) 1386/2002 da Comisión das Comunidades Europeas e Regulamento (CE) nº 16/2003 do 6/1/2003, todo iso ao abeiro do disposto no último inciso do primeiro parágrafo do apartado letra h) do número 1 do artigo 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases de Réxime Local, segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003".

3º O presente acordo poñerase en coñecemento da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios aos efectos oportunos.

10(1008).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN A FAMILIAS MONOPARENTAIS. EXPTE. 2507/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 21.07.06, conformado pola Concelleira Delegada de Muller, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 11 de xullo de 2006, da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOGA núm. 138, do 18 de xullo de 2006, pola que se convocan as axudas destinadas a programas de atención a familias monoparentais por un importe de 103.544,80.-€.

**11(1009).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DA CONCELLARÍA DA MULLER-
CONVOCATORIA 2006. EXPTE. 2438/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 24.06.06, conformado pola Concelleira Delegada de Muller, e o informe do Interventor Xeral de data 19.07.06, a Xunta de Goberno Local.acorda:

1º.- Aprobar a concesión das seguintes solicitudes de subvención, polos conceptos e contías que se indican, remitíndo a cada entidade beneficiaria un resumo das base 8ª, 9ª, 10ª e 11ª, que indican as obrigas que han de reunir as entidades beneficiarias durante todo o proceso e que de seguido dín:

OITAVA.- Tramitación, procedemento de concesión e xestión das subvencións.

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento da Muller da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

2.- Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requerido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimará a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local que actuará como presidenta, e a técnica do departamento de Muller.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire á clausula sexta e valoraranse as restante solicitudes, conforme co establecido na quinta base.

5.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada da concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de catro meses que contará dende a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles ás/ós interesadas/os conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992 LRX-PAC. As subvencións concedidas de importe superior a 3.000€ publicaránse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto de subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

6.- O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7.- Contra as resolucións dictadas no presente procedemento que poñan fin a vía administrativa poderá interpoñerse: potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, non podendo simultanearse ambos recursos. En ámbolos casos o prazo contarase dende o día seguinte a súa notificación.

8.- Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización.
- Data de inauguración e/ou clausura do evento.

- Sempre que fose posible, deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría da Muller, se non presentárase para a conformidade de acordo co previsto no apartado i) da cláusula novena destas mesmas bases. A tal fin entregárase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da súa impresión.

9.- A Concellaría da Muller poderá solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposto na resolución definitiva sexa inferior ao 25% do importe solicitado. A reformulación deberá respectar o obxecto, condicións, finalidade e criterios de valoración da convocatoria.

10.- No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadasen subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.

NOVENA.-Obrigas:

Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autora e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención
- e) Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restante obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
- f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- h) Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría da Muller, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, farase constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría da Muller, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- j) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría da Muller estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización Lingüística do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Compatibilidade.

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Pagamento e xustificación.

1.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral, antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico, da seguinte documentación xustificativa:

- a) Breve memoria de avaliación da actividade ou programa subvencionado asinada polas persoas responsables da actividade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- *Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.*
- *Explicación do desenvolvemento da actividade.*
- *Memoria de prensa: folletos, impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.*
- *Relación de ingresos e gastos: detalle dos gastos e das contías ingresadas por todos os conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención, contías das subvencións recibidas de institucións, achegas económicas doutros patrocinadores, ingresos diversos, contías e procedencia.*
- *Se a actividade desenvolvida fose un curso ou un servizo facilitarase unha relación co nome do alumnado participante.*
- *Outros datos que a xuízo do departamento da Muller sexan necesarios para axustarse ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen para as avaliacións do “II plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e o “III plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005/2007”.*

b) *Facturas orixinais polo importe subvencionado. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo artigo 6 do R.D. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios/as e profesionais. As facturas presentadas terán que estar emitidas a nome da entidade perceptora da subvención, reflexando de forma expresa que o seu pago foi efectuado, e en todas elas deberá figurar o “conforme” do/a presidente/a da entidade así como:*

- .- Nome ou razón social do proveedor, co seu NIF ou CIF correspondente*
- .- Importe da factura e IVE no seu caso*
- .- Identificación completa de quen aboa o importe*
- .- Descrición suficiente da subministración ou servizo*
- .- Número e data da factura*

c) *Copias das liquidacións dos IRPF que legalmente correspondan.*

2.- *Procederá por razóns xustificadas, ó dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas pola entidade beneficiaria.*

A resolución da redución das axudas será competencia da Concellaría da Muller. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

3.-*No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellaría de Muller, o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.*

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, canda menos un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán á máis dun proxecto.

Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases e deberán xustificarse nos prazos e condicións.

Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) *enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases*
- b) *ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe*
- c) *ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases.*

En calquer caso, será a Concellaría da Muller quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria xustifique gasto inferior ao 50% do importe subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

RELACIÓN DE ENTIDADES:

ASOCIACIÓN DE MULLERES/PROXECTOS E PRESUPOSTOS

Asociación	GASTOS PROXECTOS	CIF	€ Solicitan	Concesión:
Empresarias da Provincia de Pontevedra		G36710234	5.585,60	2.000.-
Xornadas de fomento do asociacionismo empresarial	3.085,60			
Asistencia a congresos	4.582,00			
Para a Promoción da Muller Concepción Arenal		G36708139	4.000,00	1.000.-
Conocimiento en la convivencia intercultural	4.000,00			
Colectivo Violeta		G36866234	500,00	500.-
Exposicións fotografía e pintura	600,00			
Progresistas de Vigo		G36657336	2.100,00	1.000.-
I Premio relatos mulleres progresistas	2.100,00			
Dorna da Parroquia do Cristo da Victoria de Vigo		G36619468	1.200,00	1.200.-
Reeducación do suelo pélvico	1.400,00			
Coord. Na. Galega Marcha Mundial das Mulleres		G15773013	9.900,00	2.500.-
Introd. á prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo e celebración do 25/11	5.300,00			
A prostitución a debate	5.900,00			
Outras voces, outros mundos	5.000,00			
Feminismo sempre imprescindible	6.500,00			
Cabral "Rosalía de Castro"		G36688992	2.520,00	1.500.- Para ximnasia, manualidades no textiles e pintura popular
Ximnasia	2.465,00			
Encaixe de palillos	2.050,00			
Manualidades	2.050,00			
Pintura popular	2.050,00			
Rede de Mulleres Veciñais Contra Os Malos Tratos		G36928646	5.390,00	2.700.-
Formación permanente para mediadoras	2.390,00			
Intercambio de experiencias de mulleres mediadoras e violencia de xénero	3.000,00			
De Bouzas		G36805851	2.280,00	800.-
Corpo en movemento	2.280,00			
Mulheres Nacionalistas Galegas		G36767119	23.265,00	2.500.-
Programación páxinas web	3.135,00			
Edición libro das xornadas feminismo e laicismo	5.750,00			
Xornadas recuperación a nosa historia	3.725,00			
Exposición 20 aniversario de M.N.G.	4.680,00			
Publicación 20 aniversario de M.N.G.	5.975,00			
Asociación de Mulleres Abaris		G36866572	2.050,00	1.500.-
Ofimática	2.550,00			
Mulleres Monitoras		G36777613	1.800,00	600.-
Cooperativismo social	1.800,00			

SECRETARIAS DA MULLER DE SINDICATOS

GASTOS PROXECTOS	CIF	€ Solicitan	Concesión:
------------------	-----	-------------	------------

Confederación Intersindical Galega CIG Estudo s/ muller e formación ocupacional 3.500,00 II Xornadas normativa laboral “Ferramenta de igualdade” 3.950,00 Encontro sindical 19.734,11	G36706927	7.450,00	5.100.-
Unión Xeral de Traballadores Vigo UGT Encontro sindical 19.734,11	G15383011		5.100.-
CC. OO Unión Comarcal de Vigo Conciliación vida laboral e familia 1.440,35 Riscos laborais 1.776,87 Interpretación docs. Administrativos 1.776,87 Encontro sindical 19.734,11	G15103112	9.018,00	5.100.-

VOCALÍAS DA MULLER FEDERADAS

Vocalía	GASTOS PROXECTOS	CIF	€ Solicitan	Concesión:
A.VV. da Salgueira Rosalía de Castro Relaxación 1.500,00		G36644904	750,00	750.-
Federación de AA. VV. Eduardo Chao Plan estratéxico de muller 06'07(1ª fase) 2.800,00 Guía de Recursos para desempregadas 2.500,00		G36681708	3.900,00	2.000.-
A.VV. Camiño Vello de Coia Xanela III (Axilidade mental) 2.600,00		G36648186	2.000,00	1.200.-
A.V.Socio Cultural Deportiva de San Miguel de Oia Actividades encamiñadas a muller para a súa integración e participación en actos. 33.700,00		G36648640	6.000,00	1.000.- agás para os proxectos sobre cociña ou manualidades textiles
A.VV. de Teis Formación e ocio para mulleres 9.140,00		G36646545	6.440,00	1.000.-
A.VV. de Beade “Musa” iniciación a practica literaria 2.280,00		G36632081	1.800,00	1.500.-
A.VV. Agarimo San Xoan Poulo Ximnasia para mantemento da saúde 2.300,00 Ioga 2.600,00		G36641355	2.200,00	1.000.-
A.VV. San Pedro de Matamá La Unión Conservas vexetais excedentes agrícolas 1.680,00		G36654036	1.680,00	900.-
A.VV. Nosa Terra de Alcabre Patchwork 1.800,00		G36649374	1.800,00	600.-
A.VV. da Vila de Bouzas Dr. José Casas de Vigo Encaixe de palillos 1.680,00		G36641033	1.680,00	600.-
A.V.C.R. San Mamed de Zamáns Encaixe de palillos 1.390,00		G36691855	1.200,00	600.-
A.VV. Monte da Mina de Castrelos Cociña para profesionais 4.908,24		G36623593	4.908,00	600.-
A. V. C. e D. Nautilus de San Sandrés de Comesaña Formación cultural e comunicación 2.160,00		G36631703	1.635,00	1.500.-
C.R.A. e C. de Coruxo Gimnasia Pilates 1.630,00		G36627495	1.630,00	1.200.-
A.V. Doutor Fleming “Búscate un emprego” 1.150,00		G36709004	1.000,00	1.000.-
A.V.C.D. de Consumidores e Usuarios de Lavadores O feminino é mais saudable: estratexias cara á violencia 1.575,00		G36633618	1.400,00	1.200.-
A.V.C. e D. San Xurxo de Saians Vigo Informática para mulleres 2ª Fase 3.400,00		G36648988	2.800,00	1.500.-
A.V.C.D. Val do Fragoso		G36640860	2.000,00	1.000.-

“Mulleribus” Outono cultural da muller	2.430,00			
U.V.C. e D. de Candeán Corpo activo	2.880,00	G36863348	2.880,00	1.200.-
C.C.A. e R. de Valladares Ocupate, conservate e divírtete Actividades dinamización cultural Actividades de carácter formativo	31.680,00 10.250,00 11.100,00	G36617082	15.400,00	1500.- agás para os proxectos sobre cociña e manualidades textiles
A.VV. de San Pedro de Sárdoma O Carballo Ximnasia mantemento (Mellora a saúde)	4.395,00	G36649325	2.000,00	1.200.-
A.VV. Fonte do Galo Vigo Centro Norte Axilidade mental Obradoiro patchwork	1.200,00 1.200,00	G36655017	2.000,00	1.200.- para axilidade mental
A.VV. Conde de Torrecedeira Arte floral Jardinería	1.695,00 1.380,00	G36854834	2.575,00	600.-

VOCALÍAS DA MULER NON FEDERADAS

Vocalía	GASTOS PROXECTOS	CIF	€ Solicitan	Concesión:
A.C. do Calvario Informática-Internet	2.500,00	G36648293	1.500,00	1.500.-
S.C.R. e D. Helios Taichí Pintura ó oleo Ximnasia de mantemento Danza do ventre	1.890,00 2.310,00 2.900,00 450,00	G36633428	3.205,00	1.000.-
Asociación Galega Amigos do Rocío de Vigo Programación neurolingüística aplicada a saúde	2.150,00	G36820637	1.250,00	1.000.-
Asociación de Viudos/as Unión y Amistad de Vigo Asistencia á muller	4.000,00	G36715670	2.600,00	1.000.-
C.R.C. de Cabral Exposición traballos “Eu tamén sei” Excursión Cultural norte de Lugo Curso Manualidades	240,40 4.090,00 925,00	G36658680	895,40	650.- agás para os proxectos sobre cociña ou manualidades textiles
Unión Cívica Mumicipal de Consumidores e Amas do Fogar de Vigo Calidade de vida: saber envellecer	1.440,00	G36758167	1.440,00	1.000.-
Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila Aerobic, Pintura en tela,	200,00	G36648996	300,00	300.-
Asociación de Veciños Plaza da Miñoca Textil no fogar Iniciación a informática	1.860,00 970,00	G36842284	2.640,00	1.000.- para iniciación á informática

OUTROS

Asociación	GASTOS PROXECTOS	CIF	€ Solicitan	Concesión:
Asociación Gamboa Club Cultural Conferencias semanais	3.000,00	G36812535	3.000,00	900.-
Asociación Viguesa de Alcohología ASVIDAL Exp. Saúde-calidade de vida na muller Conductas aditivas e muller	4.200,00 3.000,00	G36627453	7.200,00	1.500.-

Asociación Axuda ó Toxicómano ERGUETE Relaxia II 4.400,00	G36642726	3.400,00	1.000.-
Asociación Síndrome de Down Educación afectivo-sexual para mulleres con discapacidade psíquica 3.284,18	G36697324	1.800,00	1.500.-
Médicos do Mundo Atención a mulleres que exercen a prostitución 10.754,41	G79408852	10.754,41	1.000.-
Asoc. Jóvenes Empresarios de Galicia, AJE Vigo "Únete a ellas" 19.261,00	G36905040	16.261,00	1.000.-
Centro de información a trabadores estranxeros "CITE VIGO" Encontro sindical en solidaridade coas mulleres inmigrantes 17.500,00	G15374598	10.500,00	1.000.-
Asociación Xogais Identidade da muller e Mulleres en sectores subrepresentados 3.912,30 Mulleres pioneiras 7.014,00	G36917037	5.463,15	1.000.-

2º.- Denegar a concesión da solicitude de subvención ás seguintes entidades:

a) por non presentar no prazo requerido a documentación estipulada no apartado 2º da base Séptima:

- Gpo. Estudos sobre a condición da muller "Alecrín"....	G36633154
- Adikerando.....	G36903177
- A.V. Ponte Nova Freixeiro.....	G36641710
- A.VV. San Paio de Navia Emilio Crespo.....	G36648608
- Asociación de Mulleres Xestas.....	G36810752

b) por ter sido presentada a solicitude fora do prazo estipulado no apartado 1º da base Séptima:

Asociación Persoas Xordas de Vigo	G36622835
-----------------------------------	-----------

c) Por incumprir o punto 1.4 da base 6ª que dí: "denegaranse as subvencións ás actividades ou proxectos que non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria anterior":

- Asociación de Integración Galego-Brasileira. CIF. G36920288

d) por solicitar unha actividade obxecto dun programa específico e gratuíto do Departamento municipal de Voluntariado:

- Asociación Fontenova. CIF: G36838514"

12(1010).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE VIGO, ADXUDICADO A CONTENUR S.L. EXPTE. 17869/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Técnica de Administración Especial de Patrimonio e Contratación, do 16.06.06 e co Intervido e Conforme do Interventor Xeral de data 21.07.06, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de mantemento e conservación de parques infantís do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Contenur, S.L., pola Xunta de Goberno Local de 29 de marzo

de 2005 por un prezo contractual de 237.704,16 euros, fixando dito prezo a partir do 1 de xaneiro de 2006 na cantidade de 246.499,21 euros, ive engadido.

13(1011).- CONTRATACIÓN COA SOCIEDADE MERFLO S.L. DO LOCAL SITO NO ENTRECHÁN IZQUIERDA DO EDIFICIO Nº 22 DA PRAZA DE COMPOSTELA. EXPTE. 17846/240.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 22 de xuño de 2006 da técnica de admón. especial de Patrimonio e Contratación conformado polo concelleiro delegado, e visto o informe da intervención, a Xunta de Goberno Local acorda:

Contratar polo prazo dun ano o arrendamento, cóa sociedade Merflo, S.L., propietaria do piso entrechan esquerda situado no nº 22 da Praza de Compostela, conforme ó clausulado que a continuación se transcribe:

Ná Casa do Concello de Vigo, a de de 2006.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Javier Guerra Fernandez, Concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal do Excmo. Concello de Vigo, actuando en nome e representación do mesmo.

Doutra Mercedes Gomez Fernandez, con DNI 35.931.963, en nome e representación da entidade Merplo, S.L, propietaria do edificio nº 22 da Praza de Compostela desta cidade, segundo escritura outorgada perante o Notario D. Mariano Vaqueiro Rumbao, o día 4 de febreiro de 1998, co nº 189 do seu protocolo, e subsanada por posterior outorgada ante o mesmo Notario o 30 de marzo de 1998 baixo o nº 663 do seu protocolo. .

Ambalas dúas partes se recoñecen competencia e capacidade, respectivamente para á formalización do presente contrato de arrendamento.

Autoriza este contrato D. Manuel Lorenzo Penela titular do organo de apoio da Xunta de Goberno Local.

CLAUSULAS

Primeira.- Que a entidade Merflo e o Concello de Vigo acordan, subscribir, polo prazo dun ano, a contar dende o 16 de xullo de 2006, e ata o 16 de xullo de 2007, un contrato de arrendamento do local sito no entrechán esquerda do edificio nº 22 da Praza de Compostela.

Segunda.- A renda do aluguer será de 1.560,00 euros mensuales, ive engadido, pagadeira por mensualidades anticipadas.

Tamén serán de conta do Concello os gastos de comunidade do edificio.

Terceira.- O local obxecto de aluguer será destinado a actividades culturais que non incluan música, sempre que ademais non sexan molestas, insalubres ou perigosas. Non obstante, autorízase ó Concello de Vigo para que poida ceder o uso á Fundación Provigo, durante a vixencia deste contrato, rematando automaticamente a cesión ó termo do mesmo. Se antes de rematar a vixencia do contrato a Fundación Provigo deixase de utilizalo, recuperará o uso do local o Concello de Vigo, polo resto do prazo que quedase pendente ata a finalización do prazo contractual.

Cuarta.- Serán de cargo do arrendatario os gastos de consumo de luz, auga e calquera outro que requira o seu funcionamento, así como a taxa de recollida de lixo.

Quinta.- Todas as obras a realizar n6 local quedar6n en beneficio da propiedade sen indemnizaci6n por parte da mesma.

Sexta.- O arrendatario declara recibir o local en perfecto estado de conservaci6n, obrig6ndose a devolvelo en iguais condici6ns.

14(1012).- ACLARACI6N AO PREGO DE CL6USULAS ADMINISTRATIVAS DO CONCURSO CONVOCADO PARA A LIMPEZA DE COLEXIOS E ESCOLAS PUBLICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6753/332.

A Xunta de Goberno Local acorda retirar este punto da orde do d6a para que informe a Asesor6a Xur6dica e posterior devoluci6n 6 Mesa de Contrataci6n.

15(1013).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA CORRESPONDENTE AO 26 TRIMESTRE DE 2006, POR CONDUCCI6N DE VEH6CULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL. EXPTE.16562/220.

Examinadas as actuaci6ns do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 12 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervenci6n Xeral de data 18 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Reco6necer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados por don Fernando Fern6ndez P6rez do servizo de Limpeza, aboar6selle por conducir un veh6culo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relaci6n que se achega, por un importe total de 155'82 € (CENTO CINCOENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS C6NTIMOS), correspondentes 6 26 trimestre de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACI6NS.

16(1014).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCI6N POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE 6 MES DE XU6O DE 2006. EXPTE. 16556/220.

Examinadas as actuaci6ns do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 12 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervenci6n Xeral de data 18 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Reco6necer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase 6 persoal adscrito o Servizo de Desinfecci6n que figura na relaci6n que se achega e que comezan por don Jos6 Ram6n Seijas Alvarez e rematan por don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes 6 mes de XU6O-2006 e que ascenden a un total 701'34 € (SETECENTOS UN EUROS CON TRINTA E CATRO C6NTIMOS), con cargo 6 partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACI6NS.

17(1015).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2006. EXPTE. 16557/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 12 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervención Xeral de data 18 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Cemiterios, aboarase ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XUÑO-2006, e que ascenden a un total de 1.125'30 € (MIL CENTO VINTECINCO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

18(1016).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2006 POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL. EXPTE. 16561/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 12 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervención Xeral de data 18 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 162'18 € (CENTO SESENTA E DOUS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º trimestre de 2006 e con cargo partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

19(1017).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE CEMITERIOS, POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO 2006. EXPTE. 16560/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 12 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervención Xeral de data 22 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende

Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de XUÑO-2006, e que ascenden a un total de 610'20 € (SEISCENTOS DEZ EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

20(1018).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVICIOS DE GRAN GALA, CON MOTIVO DA “BATALLA DE FLORES”. EXPTE. 16559/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 12 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervención Xeral de data 22 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da **“Batalla de Flores”**, aboarase ó persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega e que comeza por don Iván Abalde Casanova e remata por don Antonio Torrado Rodríguez, por unha cantidade total de 445'60 € (CATROCENTOS COARENTA E CINCO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS).

21(1019).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2006. EXPTE. 16573/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 12 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervención Xeral de data 22 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios e rematan por don José Manuel Ogando López do Museo, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 112.942'17 € (CENTO DOCE MIL NOVECENTOS COARENTA E DEUS EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de XUÑO de 2006”.

22(1020).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. GABRIEL GARCÍA ALVAREZ (DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN), POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 7970/332.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 17 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervención Xeral de data 19 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do departamento de Educación, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro

municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura nas relacións que se achegan, por un importe total de 193'98 € (CENTO NOVENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º trimestre de 2006 e con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

23(1021).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. JUAN J. GARCÍA ALFONSO POR CONDUCCIÓN VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2006.EXPTE. 16578/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 17 de xullo, conformado polo Alcalde accidental, e o informe da Intervención Xeral de data 19 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados por don Juan Jesús García Alfonso (nº persoal 13652), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 181'26 € (CENTO OITENTA E UN EUROS CON VINTESEIS CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º trimestre de 2006 e con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

24(1022).- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23.12.05, SOBRE A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16584/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da técnica de RRHH de data 19 de xullo, conformado polo concelleiro delegado e máis pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno Local.acorda:

Corrixir o erro material existente no Anexo I da Relación de Postos de Traballo, debendo figurar nos postos Oficial conductor xestor Flota e Oficial conductor Xestor Acopios e Custos os codigos de complemento específico nº 62.

25(1023).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA “UNIDADE DE ACTUACIÓN DO POBO GALEGO”. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4630/401.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de Admón Especial, de data 21.07.06, que se transcribe a continuación,

O Concello-Pleno o 3 de xullo de 1998, aproba definitivamente unha Modificación puntual do Plan especial dos elementos a conservar, expte. 4556/411 (publicado no DOG nº 181 do 17 de decembro de 1998), pola que se altera a delimitación actual, excluindo o cuarteirón abranguido entre Príncipe, Travesía da Aurora e Doctor Cadaval, se modifica o ancho desta última que pasa de 12 a 10 m. de sección. Mantense a aliñación posterior do edificio do Pobo Galego (en situación de ruína), se incrementa a superficie do aparcadoiro previsto en subsolo que acada o límite da Unidade de actuación, con tres plantas e unha superficie total a construír de 3.075 m2. Por último se recolle a ordenación do solar definida no Estudio de detalle redactado polos arquitectos d. Enrique e d. Martín Colomé Montañés, expte. 2053/411, visado polo Colexio profesional o 14 de xullo de 1997,

e aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 28 de maio de 1992, (publicadono BOP nº 197 de 9 de outubro de 1992), polo que se considera un único sólido, cunha superficie en planta de 355,60 m2, unha edificabilidade sobre rasante de 1.780 m2, unha altura de catro plantas e fíxase unha superficie para viais de 1.380 m2 e para praza 702 m2.

O sistema de execución previsto na Modificación puntual do PEEC para desenvolver a Unidade de actuación "Pobo Galego" é o de compensación, non obstante optouse polo de concerto con ocasión da aprobación do proxecto de equidistribución. O mesmo foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05.

En data 7.11.05 o Colexio oficial de arquitectos de Galicia presenta proxecto técnico de urbanización redactado por dona Guadalupe Piñera Manso e visado polo mesmo Colexio o 3.11.05.

Consta no expediente os seguintes informes:

- Enxeñeiro técnico agrícola da oficina de montes, parques e xardíns.
- Informe do servizo de electromecánicos de 2906.06. Establece como condicionantes os seguintes: "(...) Deberán comunicar a este Servizo o inicio das obras, o emprazamento exacto dos puntos de luz definírase conxuntamente cos técnicos municipais no replanteo previo á execución da instalación, os puntos de luz retirados por motivo das obras a realizar deberán ser substituídos por outros provisionais salvo cos técnicos municipais non o consideren necesario, os materiais empregados na instalación de alumado público deberán someterse a aprobación inicial dos servizos técnicos municipais, antes de proceder á posta en servizo de dita instalación, xirarse inspección á mesma, co obxecto de comprobar cas obras realizadas se axustan ao proxecto presentado e están de acordo co Regulamento Electrotécnico para baixa tensión, na súa instrución técnica complementaria ITC-09, co Regulamento Municipal Regulador das instalacións de alumado público no Concello de Vigo e coa normativa de aplicación vixente (...)".
- Informe conxunto dos enxeñeiros de obras públicas de 5.06.06 da oficina de planeamento e xestión e do adxunto ó director dos servizos técnicos que a seguir se transcribe: "(...) En data 7 de Novembro de 2005, a delegación de Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, presenta para a súa tramitación o proxecto de Urbanización "Plaza en el solar de el Pueblo Gallego, Vigo"., e desenrola as previsións do estudio de Detalle da U.A."Pueblo Gallego"dentro do plan especial de edificios a conservar,(Exp-2053/411) aprobado definitivamente o 9 de setembro do 1999 Este proxecto foi redactado pola arquitecta Guadalupe Piñera Manso con sucesivos visados de fechas 3 de Novembro do 2005, 3 de Maio do 2006 e de fecha 20 de Xuño do 2006, unha vez introducidos os axustes solicitados. Os efectos fiscais que corresponda, O Orzamento de Execución Material ascende a cantidade de 312.000,00 € polo que dacordo co apartado 3.8.1.2i das vixentes NN.UU., deberán presentar un Aval polo 100% a aprobación definitiva. A unidade de actuación ten unha superficie total de 1922 m2, correspondendo 681 m2 a nova praza, e o resto da superficie corresponde a parte dos viais que a rodean; Doutor Cadaval, rua Perú e Travesa Aurora, e a parcela destinada a nova edificación que servirá como a nova sede do colexio oficial de Arquitectos. Dita Praza esta composta por unha serie de planos inclinados con solución de continuidade nos que se diferencian pavimentos rixidos e nos planos máis inclinados situanse as plantacións. A urbanización dispoñe de todos os servizos urbanísticos habituais; rede de pluviais, saneamento, abastecemento e rega, alumado público, comunicacións e mobiliario urbano. Dado que os límites desta actuación son "formais" ou "administrativos", no incluíndo a sección total dos viais, o que parece lóxico e extender as obras de urbanización hacia os límites das zonas que xa han sido tratadas recentemente, polo que ese espazo interposto deberá ser urbanizado de xeito global. Polo tanto naquelas áreas que corresponden a esas rúas (Doutor Cadaval, Peru e Lugo), as determinacións tomadas deberán ser matizadas con este segundo proxecto máis amplo. A superficie do ámbito onde se prevé a construción do aparcadoiro subterráneo non parece a suficiente para compatibilizar a creación dunha Praza pública con os accesos peonais e rodados a dicho aparcadoiro, polo tanto esta proposta non contempla esta construción, o que non invalida un futuro concurso concesional se a demanda da zona non fose atendida tanto polos actuais como polos previstos no futuro. O proxecto cumpre coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns. O comenzo das obras terá que ser posto en coñecemento do coordinador da área de servizos par afectar o seguimento das mesmas e coordinar os diversos departamentos municipais que vaian ter competencia unha vez sexan entregadas. O solicitar a recepción das mesmas facilitarase o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras estará obrigada a entregar a inspección municipal das obras aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades

que por aquela fosen considerados necesarios, conforme o prego de prescripcions técnicas. O acordo de aprobación inicial, así como o período de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terrenos incluídos no ámbito do proxecto, entre os caís atopase o Concello de Vigo (...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Deberanse aprobar inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someterse a información pública polo prazo mínimo de vinte días e proceder á aprobación definitiva coas modificacións que resulten pertinentes.*
2. *Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de concerto. A entidade promotora asume a obriga de urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.*
3. *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor, e se deduce, que non contradín o disposto no planeamento aprobado inicialmente e publicado o acordo como tal o 15 de febreiro de 2005. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*
4. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:

1. *Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da unidade de actuación "Pobo Galego", elaborado polos arquitectos dona Guadalupe Piñeira Manso e don Jesús Irisarri Castro (visado o 3.11.05, 3.05.06 e 20.06.06).*
2. *Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no anterior informe.

26(1024).- DESALOXO DE ARRENDATARIOS PARCELA PRIMITIVA "21" DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 (RÚA AREAL 114-BAIXO-BODEGÓN ALBORADA). EXPTE. 4687/401.

Examinadas as actuacións do expediente dase conta do informe proposta de data 18 de xullo de 2006, emitido polo técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o que segue:

“1.- En data 14/02/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente os Proxectos de Compensación e Urbanización da UE “I-06 Rosalía de Castro 2” (exptes. 4389/401 e 4401/401).

D. José Novoa Diéguez, en calidade de arrendatario do local do baixo do edificio núm. 114 da r/ Areal (parcela primitiva 21), interpuxo recurso de reposición contra o primeiro dos referidos acordos.

No 31/10/2005 a Xunta de Goberno Local acordou desestimar dito recurso de reposición. Desestimación que se lle notificou en legal forma a D. José Novoa Diéguez no día 16/11/2005. Non consta a súa impugnación xudicial, resultando polo tanto o Proxecto de Compensación firme e consentido para o alegante.

Por outra banda, D. José Novoa Diéguez presentou folla de aprecio contradictoria sobre a indemnización prevista no Proxecto de Compensación. Remitiúselle unha copia da mesma ao Xurado Provincial de Expropiación Forzosa, que aínda non se pronunciou ao respecto.

2.- No devandito Proxecto de Compensación adxudicáselle á Administración municipal a referida parcela primitiva núm. 21, para a apertura e ensanche dun vial público. Prevese nél en consecuencia a extinción do arrendamento do baixo do edificio, ocupado por D. José Novoa Diéguez, cunha indemnización total de 115.386 €.

3.- En data 30/05/2006 a Xunta de Compensación da UE I-06 Rosalía de Castro 2 presentou na Xerencia de Urbanismo unha solicitude de desaloxo forzoso do devandito local. Achegou ao efecto Acta notarial acreditativa do intento de pago da citada indemnización a D. José Novoa Diéguez, así como da súa consignación na notaría de D. Francisco Fernández Íñigo, a disposición do arrendatario.

4.- No 03/07/2006 a arquitecta municipal emitiu un Informe no que fixo consta-lo seguinte:

“(…) No Proxecto de Compensación da U.A. I-06 Rosalía de Castro II -nº expte 4389/401-, a parcela obxecto deste informe figura como parcela inicial nº21. No plano B “SOLARES RESULTANTES SOBRE PARCELARIO”, pódese apreciar que dita parcela está situada sobre a rúa nº18 ou rúa Miragalla, vial que o Proxecto de Compensación adxudica en pleno dominio ao Concello de Vigo”.

Mediante oficio do 29/06/2006 outorgóuselle ao arrendatario un trámite de Audiencia polo prazo de 10 días.

En data 14/07/2006, D. José Novoa Diéguez presentou por correo certificado un escrito de alegacións (doc. 60078573) no que manifestou a súa oposición a desaloxar voluntariamente o local. Comunicou que continúa pagando as mensualidades do arrendamento, que non resulta urxente a derruba do edificio, que necesita maior tempo para amortiza-las mercadorías do establecemento e que debe agardarse á resolución do Xurado Provincial de Expropiación Forzosa. Tamén manifestou que en data 26/06/2006 cobrou da Xunta de Compensación unha indemnización polo importe de 121.155,30 €, achegando a efectos acreditativos copia da Acta outorgada nesa data perante o notario de Vigo D. Francisco Fernández Íñigo co núm. 1188 do seu protocolo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Tal e como dispoñen os Arts. 174.4, 122 e 124 R.D. 3288/1978, de 25 de Agosto (RXU), coa aprobación definitiva do Proxecto de Compensación, prodúcese ‘ipso iure’ e sen solución de continuidade a subrogación, con plena eficacia real, das primitivas polas novas parcelas, xerándose “a cesión do dereito ó Municipio en que se actúe, en pleno dominio e libre de cargas, de tódolos terreos que sexan de cesión obrigatoria, segundo o plan, para a súa incorporación ó Patrimonio municipal do solo ou a súa afectación ós usos previstos no mesmo” quedando “os terreos que o plan destine ó dominio público municipal (...) afectados ó mesmo sen máis trámites”. Tamén o Art. 125 do mesmo Regulamento preceptúa que: “Respecto dos dereitos e cargas que deban extinguirse e das plantacións, obras, edificacións, instalacións e melloras que deban destruírse, o acordo de reparcelación terá o mesmo efecto que a acta de ocupación a efectos expropiatorios”. Ditas normas, (aplicadas no senso agora proposto na Sentenza do Tribunal Supremo -Sª 3ª, Secc. 5ª- do 22/06/2000), reitéranse nos posteriores arts. 135.3, 104 e 107.2 da Lei 1/1997, de 24 de Marzo, do Solo de Galicia (LSG-97) e art. 118.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), no último dos cales dispónse que:

“A aprobación definitiva do proxecto de equidistribución habilita á Administración para proceder,

inmediatamente e sen ulterior trámite, á ocupación dos terreos e bens que, pola súa cualificación urbanística, deban ser obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta, e daqueles outros incluídos no ámbito que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización”.

II.- Os motivos de oposición esgrimidos polo arrendatario no seu escrito de alegacións antes citado (doc. 60078573) poden desestimarse. O Proxecto de Compensación, que adxudicou esa parcela en pleno dominio ao Concello de Vigo e extinguiu o arrendamento, é firme na vía administrativa, resultando inmediatamente executivo.

O Proxecto de Urbanización do polígono aprobouse definitivamente no ano 2005, resultando tamén executivo. Resulta fundamental para poder realiza-las obras de urbanización a derruba da devandita edificación, motivo polo cal o desaloxo do local non pode demorarse.

O arrendatario xa cobrou a indemnización de 121.155,30 € consonte co disposto no Proxecto de Compensación. A remisión ao Xurado Provincial de Expropiación Forzosa da folia de aprecio presentada polo interesado non paraliza a execución das obras de urbanización, nin polo tanto o desaloxo do local.

III.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO: Requirir a D. José Novoa Diéguez a fin de que no prazo máximo de DEZ DÍAS contados a partir do seguinte ao de notificación deste Acordo desaloxe a devandita finca, deixándoa expedita e a disposición da Xunta de Compensación da UE I-06 Rosalía de Castro 2, co fin de que poida executa-las obras de urbanización de dito ámbito.

SEGUNDO: Advertir expresamente aos ocupantes da citada finca que no caso de non deixala libre no referido prazo, executarase o desaloxo e lanzamento incluso pola forza e con auxilio policial se fose necesario, repercutíndoselles o custe do lanzamento e podendo ser denunciados ante a xurisdicción penal ó incorrer en responsabilidade por desobediencia á autoridade.

TERCEIRO: Notifíquese este acordo aos ocupantes do local e á Xunta de Compensación, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo no Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1025).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UE5 “VIÑAGRANDE”. EXPTE. 4038/401.

Examinadas as actuacións do expediente dase conta do informe proposta de data 26 de xullo de 2006, emitido polo técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o que segue:

“O Consello da XMU en sesión de 28 de maio de 1998, acordou o seguinte: "(...) Segundo.- Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da UA 5 Viñagrande <Alcabre>, formulado pola Xunta de compensación da devandita unidade de actuación e redactado polo arquitecto Jose M^a Catalán Pérez de Lis, nos termos da súa aprobación inicial e o disposto na parte expositiva do presente acordo (...)”.

En Abril do 2000 se levanta acta de recepción parcial provisional da urbanización. Entre o contido da mesma se facía mención ó seguinte: "(...) Que las obras de urbanización de la Unidad de Ejecución han sido terminadas parcialmente conforme el Proyecto de Urbanización aprobado definitivamente por la Gerencia Municipal del Excmo Concello de Vigo, en sesión celebrada el 27 de Mayo de 1998, como lo acredita la certificación de obra parcial emitida por la Dirección Facultativa, cuya copia se adjunta (...) hasta la recepción definitiva de las obras, la contrata se obliga a reparar a su cargo y de conformidad con las instrucciones de la Dirección Facultativa, todas aquellas deficiencias que se produzcan o se adviertan, todo ello sin perjuicio de la responsabilidad por vicios de la construcción a que se refiere el Art. 1591 del Código civil (...)".

O 01.03.06 Sor Matilde Santos Caamaño, na súa condición de presidenta da Xunta de compensación do "polígono UE 5 Viñagrande", solicita a recepción total da urbanización.

Constan no expediente os seguintes informes:

- Informe de montes, parques e xardíns de 2.02.01.
- Informe de electromecánicos de 1.03.06.
- Informe de Telefónica de 24.01.06.
- Informe de Aqualia de 30.10.02.
- Informe da oficina de supervisión e inspección de obras de 21.07.06.
- Informe do adxunto ó director dos servicios técnicos de 21.07.06 que a seguir se transcribe: "(...) Con fecha 1 de marzo de 2006, se solicita la recepción total de las obras de urbanización desarrolladas en el Proyecto de Urbanización de la Unidad de Ejecución 5 Viñagrande <expte 4038/401> aprobado definitivamente el 25/05/98 por acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo. Las obras se ajustan sensiblemente a las descritas en dicho documento, que a su vez materializa las determinaciones del PERI de dicha Unidad de Ejecución <expte. 2935/411>. Los terrenos fuera del ámbito de este PERI, pero necesarios para completar la sección de las calles, se han urbanizado conforme a las características que para ellos definía el Proyecto citado, obrando en este expediente los informes sectoriales favorables (...)".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas". O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes favorables do adxunto ó director dos servicios técnicos e demais técnicos e empresas subministradoras que se relacionan nos antecedentes do presente acordo, procede a recepción das obras de urbanización. Non obstante, se bota en falta certos informes de entidades que habitualmente informan os expedientes de recepción de urbanizacións. Dado o sentido e contido do informe do adxunto ó director ós servicios técnicos e da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras, dedúcese que non resultan necesarios para a resolución da recepción das obras.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesaria constitución da entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do RC, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. Por outra parte, en atención ó previsto no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o propio plan xeral actualmente en vigor, procede a constitución da preceptiva da entidade de conservación.

4.- Innecesariedade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración e un

representante desta (artigo 147.2 do rdlex. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

6.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do adxunto ó director dos servizos técnico de 21.07.06 e da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 21.07.06, acordar a recepción das obras de urbanización do "polígono UE 5 Viñagrande".

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós propietarios da urbanización, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras e ás empresas "Aqualia", "Telefónica", "Unión Fenosa", "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia", "Gas Galicia".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1026).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DO PERI IV-09 "BAIXADA DE SAN ROQUE". EXPTE. 192/413.

Examinadas as actuacións o expediente, visto o informe proposta de data 24 de xullo de 2006 asinado polo director adxunto de Xestión e Planeamento e máis polo técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o que segue:

"Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

O día 09.02.2005 a representante da comisión xestora dos propietarios incluídos no ámbito do PERI presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo comunicando a adhesión ó "Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación de Xunta de Compensación" dos propietarios dunha superficie superior á do 70% do polígono. Achegou ó efecto a correspondente Acta outorgada no 03.11.2004 perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 2349 do seu protocolo, na que consta a vontade de adhesión dos referidos propietarios.

No 17.03.2005 o topógrafo municipal emitiu un Informe acreditativo de que as parcelas dos propietarios adheridos ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Xunta de Compensación superan o 70% da superficie total do ámbito. O 18.03.2005 o arquitecto municipal emitiu outro Informe no mesmo senso.

Mediante oficio da Xerencia de Urbanismo do 08.04.2005 requiríuselle aos propietarios incluídos no polígono a fin de que constituísen a Xunta de Compensación en escritura pública.

No 27.05.2005 don José Fernández Aguiar presentou nesta Administración municipal solicitude de aprobación da constitución da Xunta de Compensación. Achegou a tal efecto copia da Escritura Pública de Constitución outorgada no 13.05.2005 perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu Protocolo.

En data 07.06.2005 o Arquitecto municipal emitiu un Informe no que fixo constar que os propietarios que constituíron a Xunta de Compensación representan unha superficie superior ao 50% do total do ámbito.

A Xunta de Goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requirir aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollo por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".

O 2.12.05 don Jose Fernández Aguiar presenta escrito e dou exemplares do proxecto de expropiación por taxación conxunta das parcelas 15, 16, 17, 25, 31 e 34 do PERI IV-09 "Baixada de San Roque". Este proxecto está elaborado polo arquitecto don Jose M^a Catalán Pérez de Lis e o avogado don Enrique Elosua Viteri. O citado proxecto de expropiación foi aprobado pola Asamblea da citada entidade urbanística de 21.11.05.

O 7.02.06 o arquitecto técnico municipal informa o seguinte: "(...) No expediente figuran un total de seis propiedades non incorporadas, pertencentes a sete propietarios. Na valoración obrante no expediente presentada pola xunta de compensación, figuran as descripcións das fincas non incorporadas, o cálculo da valoración e as follas de prezo xusto individualizadas. Unha vez examinado o expediente, en canto á valoración presentada, a xuízo do técnico que subscribe, os valores presentados axústanse ó valores de mercado actuais para terreos urbanos pendentes de urbanización (...)".

O 27.02.06 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación do "PERI IV-09 -Baixada de San Roque <relacionadas na parte dispositiva deste Acordo>, con Memoria e Planos redactados polo arquitecto don José M^a Catalán de Lis e o avogado Don Enrique Elosua Viteri. SEGUNDO.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación no DOG en un xornal dos de maior circulación da Provincia, coa notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos (...)".

O anterior acordo foi publicado o 17.03.06 no Faro de Vigo e o 24.03.06 no Diario oficial de Galicia. Así mesmo, foi notificado individualizadamente a cada un dos titulares de bens e dereitos.

Según consta na certificación do secretario da XMU, durante o prazo establecido, se recibiron as seguintes alegacións:

- Dona María Teresa e dona Josefa Rodríguez Barros.
- Dona Antonia María Quintela Novoa.
- Don Alfredo Rodríguez Álvarez.
- Don Hermenegildo Gómez Álvarez.
- Dona Rosa Salgado Folgoso.
- Dona Amable Lois Cervela e dona María Pilar Cervela Diéguez.

A Xunta de compensación informou as alegacións presentadas.

En data 29.06.06 requeriuse a dona Rosa Salgado Folgoso a subsanación da acreditación da titularidade da parcela que motiva a presentación da súa alegación.

O 17.07.06 don José Fernández Aguiar, como presidente da Xunta de compensación do "PERI IV-09 Baixada a San Roque", presente a conformidade á proposta de acordo que se lle deu traslado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

1.- Obrigas dos propietarios adheridos e non adheridos á Xunta de compensación no desenvolvemento dunha unidade de actuación.- Os arts. 20.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e art. 14.2 da Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) establecen diversas obrigas de natureza urbanística para os propietarios do solo urbano non consolidado, entre as que figuran (entre outras) a de cesión de terreos ó Concello, a de urbanización e edificación en prazo e a de participación nun proceso reparcelatorio de distribución equitativa de cargas e beneficios. O art. 156.1 LOUGA preceptúa a este respecto que: "(...) se algúns propietarios do polígono non se incorporan á Xunta de Compensación, ésta poderá solicitar do municipio ou ben a expropiación dos ditos predios tendo a condición de beneficiaria dela, ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da Xunta de Compensación". Tal petición foi formalizada por escrito de 2.12.05 presentado por don Jose Fernández Aguiar como presidente da Xunta de compensación da unidade de actuación do PERI IV-09 "Baixada de San Roque". O propio art. 168.2 R.D. 3288/1978, do 25 de Agosto, aprobatorio do regulamento de xestión urbanística (RXU) dispoñe que: "(...) Os terreos propiedade dos que non se incorporasen á Xunta, serán expropiados, atribuíndose a ésta o carácter de beneficiaria da expropiación (...)".

2.- Resultado do trámite de información pública, audiencia ós interesados e contestación fundada ás alegacións presentadas:

2.1 Parcela 34 Alegación presentada por dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (Doc 60041924, 20.03.06).- As cuestións tratadas polas alegantes son as seguintes:

- Falla de contestación dun escrito presentado de 6.10.05, no que se poñe de manifesto a súa intención de ser excluída a súa parcela do proceso reparcelatorio. Neste escrito se poñía de manifesto a escasa diferenza de edificabilidade patrimonializada e a que lle poidera ser adxudicada tra-la aprobación do proxecto de compensación, en consecuencia, aprecian unha falla de equilibrio entre beneficios e cargas. Discrepan sobre a ubicación do aproveitamento a adxudicar por estar ubicado sobre un camiño público ó que dan luces e vistas edificacións exteriores ó polígono.- Ó respecto tense que informar que a propiedade das alegantes figura no PXOU-93 incluída no ámbito do PERI IV-09 Baixada a San Roque, aprobado definitivamente o 28.05.04. Non é obxecto do presente expediente apreciar a oportunidade ou legalidade da exclusión da propiedade das alegantes. A necesidade da inclusión da parcela dentro do ámbito do polígono é obxecto de análise do PXOU-93 e do Plan especial de reforma interior IV-09 San Roque. A superficie das alegantes representa unha porcentaxe inferior ó 8% do ámbito, polo que a súa negativa á incorporación á xunta de compensación non impide nin invalida a tramitación do expediente.
- Numerosos recursos contenciosos-administrativos pendentes de resolución.- Os recursos interpostos certamente están pendentes de resolución, non obstante, non consta que se acordara a suspensión da tramitación do presente expediente.
- Interese en adherirse á Xunta de compensación naquel caso que exista igualdade de trato con respecto ó resto dos propietarios. Así mesmo xustifica un alza na valoración da proposta ata os 540.261,50 €. Achégase un informe dun xestor inmobiliario no que se establece un valor para cada ben afectado sen xustificar o cálculo de acordo ó disposto na Lei 6/98, de 13 de abril, de réximeo do solo e valoracións. Tampouco en canto á reposición da edificación existente, a aplicación da norma 12 do real decreto 1020/93, de 25 de xuño. Na relación de bens presentada figura unha indemnización por dereitos arrendatarios nun local de planta baixa sen xustificar o citado arrendamento nen a actividade exercida no mesmo.

PROPOSTA: Desestimar íntegramente a alegación presentada.

2.2 Parcela 25; Alegación presentada por dona Antonia María Quintela Novoa (Doc 50043350, 24.04.06).- Son cuestións tratadas pola alegante as seguintes:

- *Rexeitamento do contido do Plan especial de reforma interior IV-09, Baixada a San Roque.- Sen prexuízo de que se interpuseran os pertinentes recursos contenciosos-administrativos, a tramitación do presente expediente non está suspendida. Non é obxecto do presente expediente o análise da legalidade do plan especial.*
- *Desacordo coa valoración realizada por non axustarse ó valor real. Falla de motivación.- Presenta para a xustificación do rexeitamento unha valoración realizada por unha empresa de taxacións e peritacións. Tendo en conta o informe técnico incorporado ó expediente, a valoración presentada utiliza o método residual estático, descoñecendo o establecido na orde ECO/805/2003, de 27 de marzo -artigo 34- que establece que o método residual soamente se poderá aplicar mediante o procedemento estático, ó solares e inmobles en rehabilitación nos que se poida comenza a edificación ou rehabilitación nun prazo non superior a un ano, así como ós solares edificados. Neste caso sería necesario aplilcarlle o método residual dinámico, dado que o ámbito solo dispoñe de plan especial aprobado, carecendo de proxectos de compensación e urbanización, polo que non parece xustificable establecer por parte do alegante que nun prazo inferior a un ano se poidan tramitar os correspondentes proxectos de urbanización e compensación e tramitar e conceder licencias de edificación. Por outra banda na valoración presentada pártese de valores en venta por comparación de tres vivendas testigo en zonas non homoxéneas co ámbito do PERI, cando na valoración presentada pola xunta de compesnación utilízase ata un total de corenta testigos para vivendas. Por outra banda falase que o aproveitamento tipo aplicaco é o correspondetne á ficha incorporada ó avance do PXOM o cal non ten sentido cando a valoración debe referirse en todo momoento ós aproveitamentos e custes derivados da tramitación e aprobación do PERI IV-09 San Roque. En canto á valoración por reposición da edificación destinada a vivenda, a valoración presentada pola alegante non se xustifica cos valroes actuais e non se lle aplica correctamente o coeficiente corrector en función da antigüidade, xa que lle estima 10 anos cando na realidade ten segundo o catastro de facenda 56 anos e non xustifica as citadas obras de rehabilitación integral que poidan alterar a antigüidade. En canto á valoración da construción anexa destinada a galpón/garaxe non se xustifica o custe de reposición empregado. Para o caso da valoración dos peches e os elementos vexetais presentados polo alegante, parecen axeitados ós valores reais.*
- *Falla de valoración dos prexuízos ocasionados pola urxente ocupación por analogía o previsto no artigo 52 da lei de expropiación forzosa: En ningún caso a situación do expropiado nun expediente tramitado por taxación conxunta é similar ó caso dun expropiado nun procedemento tramitado polo procedemento previsto no artigo 52 do referido texto legal. No procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta, a ocupación debe ser precedida do pago ou consiganción do importe da valoración. Este importe (con independencia do que poda resultar da tramitación do expediente e do que resolva o Xurado de expropiación de Galicia) é diferente ó previsto no punto cuarto do artigo 52 da lei de expropaición forzosa. Non se pode realizar unha equiparación total e absoluta do procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta coa tramitación urxente da expropiación. Unicamente se remite a esta última con respecto ó previsto nos puntos 6, 7 e 8 do artigo 52.*
- *Falta de motivación das partidas a deducir da valoración ex 30 da Lei 6/98, de 13 de abril.- As partidas previstas no plna especial e no propio proxecto expropiatorio son previsións que logo da tramitación e execución dos correspondentes expedientes, se conocerá exactamente a cantidade realmente necesaria para a execución. Si se observase que a cantidade necesaria para a execución do polígono fora maior ou menor ó previsto para a determinación do xustiprezo, o expropiado poderá instar a rectificación da valoración practicada.*

PROPOSTA: Estimar a alegación en canto á valoración presentada dos peches perimetrais e dos elementos vexetais así como a inclusión de tres mesas de pedra de granito, desestimando o resto da alegación polos motivos expostos.

2.3. Parcela 31; Alegación presentada por don Alfredo Rodríguez Álvarez (Doc 60043355, 24.04.06).- Se alegan a seguintes cuestións:

- *Rexeitamento do contido do Plan especial de reforma interior IV-09, Baixada a San Roque.- Sen prexuízo de que se interpuseran os pertinentes recursos contenciosos-administrativos, a tramitación do presente expediente non está suspendida. Non é obxecto do presente expediente o análise da legalidade do plan especial.*

- *Desacordo coa valoración realizada por non axustarse ó valor real. Falla de motivación.- Presenta para a xustificación do rexeitamento unha valoración realizada por unha empresa de taxacións e peritacións. Tendo en conta o informe técnico incorporado ó expediente, a valoración presentada utiliza o método residual estático, descoñecendo o establecido na orde ECO/805/2003, de 27 de marzo -artigo 34- que establece que o método residual soamente se poderá aplicar mediante o procedemento estático, ó solares e inmoble en rehabilitación nos que se poida comezar a edificación ou rehabilitación nun prazo non superior a un ano, así como ós solares edificados. Neste caso sería necesario aplilcarlle o método residual dinámico, dado que o ámbito solo dispoñe de plan especial aprobado, carecendo de proxectos de compensación e urbanización, polo que non parece xustificable establecer por parte do alegante que nun prazo inferior a un ano se poidan tramitar os correspondentes proxectos de urbanización e compensación e tramitar e conceder licencias de edificación. Por outra banda na valoración presentada pártese de valores en venta por comparación de tres vivendas testigo en zonas non homoxéneas co ámbito do PERI, cando na valoración presentada pola xunta de compesnación utilízase ata un total de corenta testigos para vivendas. Por outra banda falase que o aproveitamento tipo aplicaco é o correspondetne á ficha incorporada ó avance do PXOM o cal non ten sentido cando a valoración debe referirse en todo momoento ós aproveitamentos e custes derivados da tramitación e aprobación do PERI IV-09 San Roque. En canto á valoración por resposición da edificación destinada a vivenda, a valoración presentada pola alegante non se xustifica cos valroes actuais e non se lle aplica correctamente o coeficiente corrector en función da antigüidade, xa que lle estima 10 anos cando na realidade ten segundo o catastro de facenda 56 anos e non xustifica as citadas obras de rehabilitación integral que poidan alterar a antigüidade. En canto a valoración dos peches e o solado que figuran na valoración presentada, estimase que os mesmos son axeitados ós valores reais.*
- *Falla de valoración dos prexuízos ocasionados pola urxente ocupación por analoxía o previsto no artigo 52 da lei de expropiación forzosa: En ningún caso a situación do expropiado nun expediente tramitado por taxación conxunta é similar ó caso dun expropiado nun procedemento tramitado polo procedemento previsto no artigo 52 do referido texto legal. No procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta, a ocupación debe ser precedida do pago ou consignación do importe da valoración. Este importe (con independencia do que poda resultar da tramitación do expediente e do que resuelva o Xurado de expropiación de Galicia) é diferente ó previsto no punto cuarto do artigo 52 da lei de expropaiación forzosa. Non se pode realizar unha equiparación total e absoluta do procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta coa tramitación urxente da expropiación. Unicamente se remite a esta última con respecto ó previsto nos puntos 6, 7 e 8 do artigo 52.*
- *Falta de motivación das partidas a deducir da valoración ex 30 da Lei 6/98, de 13 de abril.- As partidas previstas no plna especial e no propio proxecto expropiatorio son previsións que logo da tramitación e execución dos correspondentes expedientes, se conocerá exactamente a cantidade realmente necesaria para a execución. Si se observase que a cantidade necesaria para a execución do polígono fora maior ou menor ó previsto para a determinación do xustiprezo, o expropiado poderá instar a rectificación da valoración practicada.*

PROPOSTA: Estimar a alegación en canto á valoración dos peches perimetrais así como a inclusión da partida de solado de formigón, desestimando o resto da alegación polos motivos expostos.

2.4 Parcela 34; Alegación presentada por don Hermenegildo Gómez Álvarez (Doc 60043353, 24.04.06): Se fundamenta a alegación nos seguintes puntos:

- *Rexeitamento do contido do Plan especial de reforma interior IV-09, Baixada a San Roque.- Sen prexuízo de que se interpuseran os pertinentes recursos contenciosos-administrativos, a tramitación do presente expediente non está suspendida. Non é obxecto do presente expediente o analise da legalidade do plan especial.*
- *Desacordo coa valoración realizada por non axustarse ó valor real. Falla de motivación.- Presenta para a xustificación do rexeitamento unha valoración realizada por unha empresa de taxacións e peritacións. Tendo en conta o informe técnico incorporado ó expediente, a valoración presentada utiliza o método residual estático, descoñecendo o establecido na orde ECO/805/2003, de 27 de marzo -artigo 34- que establece que o método residual soamente se poderá aplicar mediante o procedemento estático, ó solares e inmoble en rehabilitación nos que se poida comezar a edificación ou rehabilitación nun prazo non*

superior a un ano, así como ós solares edificadas. Neste caso sería necesario aplilcarlle o método residual dinámico, dado que o ámbito solo dispoñe de plan especial aprobado, carecendo de proxectos de compensación e urbanización, polo que non parece xustificable establecer por parte do alegante que nun prazo inferior a un ano se poidan tramitar os correspondentes proxectos de urbanización e compensación e tramitar e conceder licencias de edificación. Por outra banda na valoración presentada pártese de valores en venta por comparación de tres vivendas testigo en zonas non homoxéneas co ámbito do PERI, cando na valoración presentada pola xunta de compesnación utilízase ata un total de corenta testigos para vivendas. Por outra banda falase que o aproveitamento tipo aplicaco é o correspondetne á ficha incorporada ó avance do PXOM o cal non ten sentido cando a valoración debe referirse en todo momoento ós aproveitamentos e custes derivados da tramitación e aprobación do PERI IV-09 San Roque. En canto á valoración por resposición da edificación destinada a vivenda, a valoración presentada pola alegante non se xustifica cos valroes actuais e non se lle aplica correctamente o coeficiente corrector en función da antigüidade, xa que lle estima 7 anos cando na realidade ten segundo o catastro de facenda 39 anos e non xustifica as citadas obras de rehabilitación integral que poidan alterar a antigüidade. En canto á valoración dos peches, solado, pozo artesano, pes de plantas ornamentais etc... que figuran na valoración presentada, estimase que os mesmos son axeitados ós valores reais.

- *Falla de valoración dos prexuízos ocasionados pola urxente ocupación por analoxía o previsto no artigo 52 da lei de expropiación forzosa: En ningún caso a situación do expropiado nun expediente tramitado por taxación conxunta é similar ó caso dun expropiado nun procedemento tramitado polo procedemento previsto no artigo 52 do referido texto legal. No procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta, a ocupación debe ser precedida do pago ou consiganción do importe da valoración. Este importe (con independencia do que poda resultar da tramitación do expediente e do que resolva o Xurado de expropiación de Galicia) é diferente ó previsto no punto cuarto do artigo 52 da lei de expropaición forzosa. Non se pode realizar unha equiparación total e absoluta do procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta coa tramitación urxente da expropiación. Unicamente se remite a esta última con respecto ó previsto nos puntos 6, 7 e 8 do artigo 52.*
- *Falta de motivación das partidas a deducir da valoración ex 30 da Lei 6/98, de 13 de abril.- As partidas previstas no plna especial e no propio proxecto expropiatorio son previsións que logo da tramitación e execución dos correspondentes expedientes, se conocerá exactamente a cantidade realmente necesaria para a execución. Si se observase que a cantidade necesaria para a execución do polígono fora maior ou menor ó previsto para a determinación do xustiprezo, o expropiado poderá instar a rectificación da valoración practicada.*

PROPOSTA: Estimar a alegación en canto á valoración dos peches perimetrais e as plantas así como a inclusión da partida de solado de formigón e o pozo artesano, desestimando o resto da alegación polos motivos expostos.

2.5.- Parcela 15; Alegación presentada por dona Rosa Salgado Folgoso (Doc 60043348, 24.04.06): Deberase xustificar a titularidade previamente ó pago do xustiprezo a determinar Se fundamenta a alegación nos seguintes puntos:

- *Rexeitamento do contido do Plan especial de reforma interior IV-09, Baixada a San Roque.- Sen prexuízo de que se interpuseran os pertinentes recursos contenciosos-administrativos, a tramitación do presente expediente non está suspendida. Non é obxecto do presente expediente a análise da legalidade do plan especial.*
- *Desacordo coa valoración realizada por non axustarse ó valor real. Falla de motivación.- Presenta para a xustificación do rexeitamento unha valoración realizada por unha empresa de taxacóns e peritacións. Tendo en conta o informe técnico incorporado ó expediente, a valoración presentada utiliza o método residual estático, descoñecendo o establecido na orde ECO/805/2003, de 27 de marzo -artigo 34- que establece que o método residual soamente se poderá aplicar mediante o procedemento estático, ó solares e inmoble en rehabilitación nos que se poida comenza a edificación ou rehabilitación nun prazo non superior a un ano, así como ós solares edificadas. Neste caso sería necesario aplilcarlle o método residual dinámico, dado que o ámbito solo dispoñe de plan especial aprobado, carecendo de proxectos de compensación e urbanización, polo que non parece xustificable establecer por parte do alegante que nun prazo inferior a un ano se poidan tramitar os correspondentes proxectos de urbanización e*

compensación e tramitar e conceder licencias de edificación. Por outra banda na valoración presentada pártese de valores en venta por comparación de tres vivendas testigo en zonas non homoxéneas co ámbito do PERI, cando na valoración presentada pola xunta de compesación utilízase ata un total de corenta testigos para vivendas. Por outra banda falase que o aproveitamento tipo aplicaco é o correspondetne á ficha incorporada ó avance do PXOM o cal non ten sentido cando a valoración debe referirse en todo momoento ós aproveitamentos e custes derivados da tramitación e aprobación do PERI IV-09 San Roque. En canto á valoración por reposición da edificación destinada a vivenda, a valoración presentada pola alegante non se xustifica cos valroes actuais e non se lle aplica correctamente o coeficiente corrector en función da antigüidade, xa que lle estima 12 anos cando na realidade ten segundo o catastro de facenda 46 anos e non xustifica as citadas obras de rehabilitación integral que poidan alterar a antigüidade. En canto á valoración por reposición da edificación destinada a vivenda, a valoración presentada polo alegante non se xustifica cos valores actuais en non se lle aplica correctamente o coeficiente corrector en función da antigüidade, xa que se lle estima 12 anos cando na realidade ten segundo o catastro de facenda 46 anos e non xustifica as citadas obras de rehabilitación integral que poidan alterar a antigüidade. En canto á valoración do galpón o valor que figura no proxecto de expropiación é o mais axeitado ós valores actuais de mercado. En canto a valoración dos peches, que figuran na valoración presentada, estimase que os mesmos son axeitados ós valores reais.

- *Falla de valoración dos prexuízos ocasionados pola urxente ocupación por anoloxía o previsto no artigo 52 da lei de expropiación forzosa: En ningún caso a situación do expropiado nun expediente tramitado por taxación conxunta é similar ó caso dun expropiado nun procedemento tramitado polo procedemento previsto no artigo 52 do referido texto legal. No procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta, a ocupación debe ser precedida do pago ou consiganción do importe da valoración. Este importe (con independencia do que poda resultar da tramitación do expediente e do que resolva o Xurado de expropiación de Galicia) é diferente ó previsto no punto cuarto do artigo 52 da lei de expropiación forzosa. Non se pode realizar unha equiparación total e absoluta do procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta coa tramitación urxente da expropiación. Unicamente se remite a esta última con respecto ó previsto nos puntos 6, 7 e 8 do artigo 52.*
- *Falta de motivación das partidas a deducir da valoración ex 30 da Lei 6/98, de 13 de abril.- As partidas previstas no plna especial e no propio proxecto expropiatorio son previsións que logo da tramitación e execución dos correspondentes expedientes, se conocerá exactamente a cantidade realmente necesaria para a execución. Si se observase que a cantidade necesaria para a execución do polígono fora maior ou menor ó previsto para a determinación do xustiprezo, o expropiado poderá instar a rectificación da valoración practicada.*

PROPOSTA: Estimar a alegación en canto á valoración dos peches e desestimar o resto da alegación polos motivos expostos.

2.6.- Parcela 17; Alegación presentada por dona Amable Cervela e dona María Pilar Cervela Diéguez (Doc 60044629, 24.04.06): Acreditan actuar como titulares do dereito de propiedade da parcela tra-lo falecemento de don Manuel Lois Calviño. Se fundamenta a alegación nos seguintes puntos:

- *Que se teña por propietarias da parcela a dona María del Pilar Cervela Dieguez e dona Amable Lois Cervela.- Se toma razón do cambio de titularidade da parcela.*
- *Rexeitamento da valoración practicada, achegando para elo informe-valoración dun arquitecto técnico sen que conste no mesmo o correspondente visado colexial.- En canto a que o proxecto de expropiación carece de criterios e que non está motivada ó carecer de fundamento dado que non constan os criterios de valoración, cálculo do valor do solo e cálculo dos bens a expropiar, tense que comunicar que formaba parte dito contido do expediente ó que tivo e ten acceso ex 35 da Lei 30/92, de 26 de novembro. Ao propietario se lle notifica o acordo de aprobación acompañado da folla de aprecio pero non unha copia completa do expediente de expropiación. Con respecto á valoración presentada, pártese dun erro no que conciren a aplicación da Lei 6/98, de 13 de abril, xa que entende que lle é de aplicación o artigo 26 da mesma para solos non urbanizables concluíndo o alegante que o solo se valorará por comparación con parcelas de similares características. En realidade, ó tratarse dun solo urbano non consolidado, é de aplicación o artigo 28 da Lei 6/98. Os alegantes se fundamentan nun informe-valoración no que se aplica o método residual estático partindo duns valores de*

mercado sen xustificar en sen acomodar a valoración á orde ECO/805/2003 de 27 de marzo, artigo 34 que establece que o método residual soamente se poderá aplicar mediante o procedemento estático ós solares e inmobles en rehabilitación nos que se poida comezar a edificación ou rehabilitación nun prazo non superior a un ano, así como ós solares edificados. Neste caso sería innecesario aplicarlle o método residual dinámico, dado qu eo ámbito solo dispoñe dun plan especial aprobado, carecendo de proxectos de compensación e urbanización, polo que non parece xustificable establecer por parte do alegante que nun prazo inferior a un ano se poida tramitar os correspondentes proxectos de urbanización e compensación e tramitar e conceder licencias de edificación. En canto á valoración por reposición da edificación existente, non se xustifica a aplicación da norma 12 do real decreto 1020/93, de 25 de xuño, xa que partindo dos valores que figuran na valoración presentada de 537,49 € corrixido polo coeficiente de antigüidade de 0,59 e do de estado de conservación de 0,85 resultaría un valor de reposición para a edificación de 269,55 €/m² e non o que figura na valoración presentada de 452,85 €/m². Tampouco se xustifica que sexa de aplicación que o valor así calculado se lle aplique un coeficiente de apreciación económica "N" de 1,20 a unha edificación afectada por expropiación cando na realidade debería aplicarlle o coeficiente de "M" de fincas afectadas por situacións de carácter extrínscico. Ademais de estes dous coeficientes son de aplicación para valoracións catastrais pero entende o técnico que informa a presente alegación que non deben aplicarse ás expropiacións. En canto a existencia do pozo artesano, procede a estimación da alegación.

- *Maior superficie da parcela.- Se alega que a parcela que se pretende expropiar é de maior superficie. Ó respecto é necesario informar que con independencia da superficie que consta na escritura, se deberá ter en conta necesariamente a superficie real de acordo co establecido no real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. Constan no expediente datos catastrais nos que se informa que a parcela a expropiar ten unha superficie de 203 m².*

PROPOSTA: Estimar a alegación no sentido de incluír na folla de aprecio e como elemento afectado un pozo artesano e desestimar o resto da alegación polos motivos expostos.

2.- *Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio.- O artigo 143 regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispoñe un procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto someteuse a un trámite de información pública para que aqueles que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.. Tra-lo analise das alegacións presentadas, procedese á aprobación definitiva implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.*

3.- *Outorgamento dun trámite de audiencia á Xunta de compensación.- Dado que o presente informe-proposta presenta certas modificacións con respecto á aprobación inicial, deberase outorgar un trámite de audiencia.*

4.- *Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas por dona Antonia María Quintela Nova (parcela 25), don Alfredo Rodríguez Álvarez (parcela 31), don Hermenegildo Gómez Álvarez (parcela 16), dona Rosa Salgado Folgado (parcela 15), dona Amable Lois Cervela e dona María Pilar Cervela Diéguez (parcela 17), no sentido informado no punto segundo da presente proposta. Desestimar integramente o contido da alegación presentada por dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (parcela 34). Aprobar as follas de valoración no sentido que figura no anexo I.

SEGUNDO: Rectificar o contido do proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados dos propietarios non incorporados á Xunta de compensación do "PERI IV-09 Baixada a San Roque" e consecuentemente proceder á aprobación definitiva do proxecto expropiatorio por taxación conxunta coas modificacións aludidas.

TERCEIRO: Os expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta resolución para, se o estiman conviñente, manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible disconformidade coa valoración dos predios expropiados. Nese caso remitirase copia do expediente ó Xurado de expropiación forzosa de Galicia, previo informe.

CUARTO.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xutgado do contencioso administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

ANEXO I

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 15 C/ MORCEGO Nº 9			
PROPIETARIO: ROSA SALGADO FOLGOSO- EMILIO LOSADA CASAS			
DIRECCIÓN: BAIXADA A SAN ROQUE Nº 61 – 36204 VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
215,00 m2	Terreo	654,83 €/m2	140.788,45 €
217,00 m2	Vivenda	363,10 €/m2	78.792,70 €
29,00 m2	Peche	20,03 €/m2	580,87 €
11,42 m2	Peche	26,03 €/m2	297,26 €
31,80 m2	Galpón	132,04 €/m2	4.198,87 €
Suma			224.658,15 €
5% premio afección.....			11.232,91 €
Total Valoración.....			235.891,06 €
Vigo, a 15 de xuño de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

FOLLA DE PREZO XUSTO	
PARCELA Nº: 16 C/ MORCEGO Nº 7	

PROPIETARIO: HERMENEGILDO GÓMEZ ÁLVAREZ			
DIRECCIÓN: RÚA MORCEGO, Nº 7- 36204 - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
203,00 m2	Terreo	654,83 €/m2	132.930,49 €
205,81 m2	Vivenda	363,10 €/m2	74.729,61 €
18,75 m2	Peche	32,03 €/m2	600,56 €
20,00 m2	Peche	20,03 €/m2	400,60 €
49,05 m2	Galpón	149,07 €/m2	7.311,88 €
39,24 m2	Solado	15,16 €/m2	594,88 €
1 Ud	Rosaleda	180,00 €/Ud	180,00 €
1 Ud	Pozo	1.860,00 €/Ud	1.860,00 €
40 Ud	Plantas ornamentais	4,50 €/Ud	180,00 €
Suma			218.788,02 €
5% premio afección.....			10.939,40 €
Total Valoración.....			229.727,42 €
Vigo, a 15 de xuño de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 17 C/ MORCEGO Nº 5			
PROPIETARIO: MANUEL LOIS CALVIÑO			
DIRECCIÓN: RÚA MORCEGO, Nº 5- 36204 - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
206,00 m2	Terreo	654,83 €/m2	134.894,98 €
259,20 m2	Vivenda	409,95 €/m2	106.259,04 €
1 Ud	Peche	792,00 €/Ud	792,00 €
1 Ud	Pozo	600,00 €/Ud	600,00 €
Suma			242.546,02 €
5% premio afección.....			12.127,30 €
Total Valoración.....			254.673,32 €
Vigo, a 15 de xuño de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 25 C/ BAIXADA A SAN ROQUE Nº 51			

PROPIETARIO: ANTONIA M^a QUINTELA NOVOA
DIRECCIÓN: BAIXADA A SAN ROQUE, N^o 51- 36204 - VIGO

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
853,00 m2	Terreo	654,83 €/m2	558.570,00 €
116,41 m2	Vivenda	351,38 €/m2	40.904,15 €
55,83 m2	Peche	150,25 €/m2	8.388,46 €
112,47 m2	Peche	33,05 €/m2	3.717,13 €
224,94 m2	Peche	40,00 €/m2	8.997,60 €
43,26 m2	Galpón	127,79 €/m2	5.528,20 €
1 Ud	Palmeira	9.000,00 €/Ud	9.000,00 €
1 Ud	Rosaleda	1.050,00 €/Ud	1.050,00 €
1 Ud	Adelfa	760,00 €/Ud	760,00 €
17 Ud	Frutais	129,00 €/Ud	2.193,00 €
3 Ud	Mesas pedra	150,00 €/Ud	450,00 €
Suma			639.558,54 €
5% premio afección.....			31.977,93 €
Total Valoración.....			671.536,47 €

Vigo, a 15 de xuño de 2006

O Técnico da Admón Xeral

O Director Adxunto de Xestión e Planeamento
da Xerencia de Urbanismo

Asdo. David Prada Puentes

Asdo. Julio Fernández Cermeño

FOLLA DE PREZO XUSTO

PARCELA N^o: 31 C/ BAIXADA A SAN ROQUE N^o 29
PROPIETARIO: ALFREDO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
DIRECCIÓN: BAIXADA A SAN ROQUE, N^o 29 INTERIOR - 36204 - VIGO

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
127,00 m2	Terreo	654,83 €/m2	83.163,41 €
166,76 m2	Vivenda	351,38 €/m2	58.596,13 €
11,34 m2	Peche	32,03 €/m2	363,22 €
13,54 m2	Peche	20,03 €/m2	271,21 €
15,00 m2	Peche	18,34 €/m2	275,10 €
16,32 m2	Galpón	127,76 €/m2	2.085,04 €
52,66 m2	Solado	15,60 €/m2	821,50 €
Suma			145.575,61 €
5% premio afección.....			7.278,78 €
Total Valoración.....			152.854,39 €

Vigo, a 15 de xuño de 2006

O Técnico da Admón Xeral

O Director Adxunto de Xestión e Planeamento
da Xerencia de Urbanismo

Asdo. David Prada Puentes

Asdo. Julio Fernández Cermeño

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 34 C/ BAIXADA A SAN ROQUE Nº 59 PROPIETARIO: Mª JOSE RODRÍGUEZ BARROS DIRECCIÓN: RÚA REDONDELA, Nº1-10º A - 36209 – VIGO PROPIETARIO: Mª TERESA RODRÍGUEZ BARROS DIRECCIÓN: AVDA GREGORIO ESPINO, Nº 8-5º DRCHA-36205-VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
247,00 m2	Terreo	654,83 €/m2	161.743,01 €
158,35 m2	Vivenda	396,11 €/m2	62.724,02 €
68,35 m2	Galpón	144,04 €/m2	9.845,13 €
227,06 m2	Local	218,96 €/m2	49.717,06 €
Suma			284.029,22 €
5% premio afección.....			14.201,46 €
Total Valoración.....			298.230,68 €
Vigo, a 15 de xuño de 2006			
O Técnico da Admón Xeral		O Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo	
Asdo. David Prada Puentes		Asdo. Julio Fernández Cermeño	

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(1027).- SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á MARINA DE EXPOSICIONES S.L. PARA CONTRIBUIR ÓS GASTOS DE ORGANIZACIÓN DO SALÓN NÁUTICO “VIGO MAUTICA 2006”. Expte. 1895/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 21.02.06, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local de Emprego, Turismo e Comercio e co intervido e conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder unha subvención de 5.000 euros á empresa MARINA DE EXPOSICIONES, SL., con CIF: B-36.928638, para contribuir ós gastos de organización do Salón “VIGO NAUTICA INTERNACIONAL 2006”, que terá lugar en Vigo no mes de marzo, con cargo á partida 7510 4700201 “Subvención de Actividades”, da Concellería de Turismo do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

Segundo.- A citada empresa deberá incluír o logotipo de Turismo de Vigo en todo o material que se edite para a difusión deste evento, así como noutros soportes publicitarios como vallas, newsletters, páxina web do evento, catálogo oficial, etc.

Terceiro.- A concesión da presente subvención non eximirá á devandita empresa de solicitar os correspondentes permisos para a celebración da actividade, así como o pagamento das taxas ou impostos que puidesen corresponder.

Cuarto.- A empresa será a única responsable da organización da actividade, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade con terceiros por parte do Concello de Vigo polo mero feito de subvencionar a actividade.

Quinto.- O cobro da subvención estará supeditado ó cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como esixe as Bases de execución do Presuposto Municipal. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.”

30(1028).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONCELLO DE BAIONA PARA ORGANIZACIÓN DO “DÍA DE VIGO EN BAIONA”. Expte. 1999/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 26.07.06, conformado polo concelleiro do mesmo servizo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Que se probe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo P-3605700-H e o Concello de Baiona P-3600300-B, para a organización do “Día de Vigo en Baiona” que terá lugar o vindeiro día 7 de agosto en Baiona con cargo á partida 451.2.226.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio. A continuación transcríbese.

2. Que se faculte ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3. Que se autorice e dispoña un gasto por un importe total de 4.400.-euros (ive incluído), a favor do Excelentísimo Concello de Baiona P-3600300-B, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0015 700040011556 para a organización do Día de Vigo en Baiona que terá lugar o vindeiro 7 de agosto, en Baiona.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O
CONCELLO DE VIGO- CONCELLO DE BAIONA PARA ORGANIZACIÓN DO “DÍA DE VIGO EN BAIONA”**

Vigo, xullo de 2006.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LOPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do EXCMO. CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. JESUS VÁZQUEZ ALMUIÑA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE BAIONA, CIF- P-3600300 - B, con enderezo na rúa Lorenza Carrera, 17 36300 BAIONA, e en representación desta.

MANIFESTAN

1.- Que o Concello de Baiona esta interesado en celebrar o “Día de Vigo en Baiona” o día 7 de agosto mediante a organización de diferentes actividades socioculturais encaminadas a formentar a promoción da cidade de Vigo en Baiona.

2. Que o Concello de Vigo está interesado en achegarlle ó Concello de Baiona unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a tódolos sectores culturais.

3.- Que ámbalas dúas partes desexan establecer un marco de colaboración cultural mutuo na organización de dito evento en Baiona.

Por este motivo, o Concello de Vigo e o Concello de Baiona establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre o Concello de Baiona e o Concello de Vigo para organizar o “Día de Vigo en Baiona” o vindeiro día 7 de agosto mediante a organización de diferentes actividades socioculturais encaminadas a fomentar a promoción da cidade de Vigo en Baiona.

SEGUNDA.- Entre as actividades programadas na celebración de deste evento esta prevista a actuación dos “Solistas da Orquesta Barroca Valenciana” o día 7 de agosto as 23.00 horas na Praza do Concello.

TERCEIRA.- O custo total da realización desta actividade, segundo o presuposto presentado polo Concello de Baiona ascende a un importe total de 6.612 -euros. O Concello de Vigo farase cargo do pagamento de 4.400 € (ive engadido) e o Concello de Baiona da cantidade restante 2.212 (ive ingadido).

CUARTA.- O compromiso que asume O CONCELLO DE VIGO con respecto ó CONCELLO DE BAIONA é achegar a cantidade de 4.400 euros (ive incluído) para facer fronte a unha parte do pagamento da actuación dos “Solistas da Orquesta Barroca Valenciana”, con cargo á partida 451.2.226.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

QUINTA.- As obrigas que asume o CONCELLO DE BAIONA son as seguintes:

1. Asumir o pagamento de 2.212 euros (ive incluído) para facer fronte a parte restante do importe da actuación dos Solistas da Orquesta Barroca Valenciana.
2. Xestionar todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización desta actividade.
3. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

4. Emitir certificación de execución da actividade obxecto do convenio polo importe recollido na cláusula terceira nos quince días posteriores a celebración da actividade.

SEXTA- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

SÉTIMA- O CONCELLO DE VIGO aboará o pagamento estipulado na cláusula terceira do convenio (4.400.- euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0015 700040011556 e da que é titular O CONCELLO DE BAIONA. Para liquidar o pagamento, O CONCELLO DE BAIONA presentará solicitude do pagamento e certificación da execución da actividade obxecto do convenio polo importe establecido na cláusula segunda. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

OITAVA- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO DE BAIONA e o CONCELLO DE VIGO, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

NOVENA.- O CONCELLO DE VIGO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMA- Para a realización do seguimento da execución do presente convenio nomearase unha comisión que estará constituída do seguinte xeito:

Polo concello de Baiona: Alcalde Presidente, ou persoa na que delegue.

Polo Concello de Vigo: O Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e/ou a técnica do servizo de Festas e Animación Sociocultural

DÉCIMOPRIMEIRA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCILOSEGUNDA.- A antedita comisión queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un so efecto o presente convenio na data que se indica.

31(1030).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e sete minutos. Como secretaria dou fé.

Kv/am.

A CONCELEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez